

ESTADO DE INFORMACIÓN NON FINANCEIRA CONSOLIDADA INCLUÍDA COMO ANEXO NO INFORME DE XESTIÓN CONSOLIDADO DE ARNOIA DISTRIBUCIÓN DE LIBROS, S.A. E AS SUAS SOCIEDADES DEPENDENTES, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2024.

1.1 INTRODUCCION

O presente informe de Estado de Información Non Financeira (en diante, "EINF"), correspondente ao exercicio comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024, e que forma parte integrante do Informe de Xestión das Contas consolidadas, publícase en cumprimento á Lei 11/2018, do 28 de decembro, pola que se modifica o Código de Comercio, ao Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, e á Lei 22/2015, do 20 de xullo, de Auditoría de Contas, en materia de información non financeira e diversidade.

Para a elaboración do presente Estado de Información non Financeira tomouse como estándar de reporting unha selección de indicadores, ou parte do seu contido, establecidos na guía para a elaboración de memorias de sustentabilidade de Global Reporting Initiative (GRI), estándar recoñecido internacionalmente, seguindo os principios e contido definidos pola versión da guía máis actualizada, GRI Standard.

Así mesmo, tívose en conta o contexto e a regulación do sector, así como as principais demandas dos grupos de interese, as tendencias sectoriais e as mellores prácticas para determinar cales son os aspectos non financeiros relevantes do Grupo.

Ao estar incluído o EINF no Informe de Xestión Consolidado do Grupo como un epígrafe adicional, farase referencia á información requirida no EINF que se atopa descrita noutros apartados.

Na táboa final de contidos e correlación cos indicadores da Lei 11/2018 e GRI Standards, identifícanse aqueles aspectos que son materiais e non materiais, dada a súa actividade, en base ao estudo de materialidade do Grupo e á análise realizada sobre os riscos non financeiros do grupo.

1.2 O GRUPO Y SUS UNIDADES DE NEGOCIO

O Grupo centra a súa actividade, principalmente, na distribución de libros e a creación de editorial tanto cultural como educativa, con foco nos mercados de fala española, inglesa e portuguesa.

A través das súas Unidades de Negocio, con marcas como ESPAZO DO LECTOR, LIBRERIAS NOBEL, ADL, EDICIONS DO CUMIO, INTERLEO, SERVIAULA E TRIQUETA VERDE, o Grupo conta con presenza de sociedades do grupo en 2 países, España e Portugal, xerando, segundo datos do ano 2024, case o 98,5 % dos seus ingresos explotación prodúcense desde España e o restante 1,5 % desde Portugal.

A continuación, descríbense, para cada Unidade de Negocio, os mercados e sectores operados, os modelos de negocio, a contorna empresarial e a organización e estrutura, así como os obxectivos e estratexias. A evolución dos negocios e os factores e tendencias que afectan o modelo de negocio, descríbense nas notas 1 e 2, respectivamente, do informe de xestión consolidado.

1.2.1 MERCADOS, SECTORES, MODELO DE NEGOCIO, CONTORNA EMPRESARIAL, ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURA

O Grupo está organizado tendo unha Matriz (Arnoia Distribución de libros SA), que participa nas seguintes sociedades ESPAZO DO LECTOR, S.L. (librerías), INTERLEO LIBROS SLU (almacenista que distribúe editoriais en exclusiva), EDICIONS DO CUMIO SAU (creación editorial, que participa á súa vez en TRIQUETA VERDE S.L., dedicada tamén á creación editorial), LOGISTICA INTEGRAL PARA A AULA, S.L.U. (dedicada á venda almacenista) e ADL UNIPESOAL (distribuidora almacenista en Portugal).

O obxecto social é a edición, promoción, distribución e venda de libros, de todo tipo de material pedagóxico e complementos escolares, tendendo na medida do posible, a dar preferencia aos libros publicados en galego. As actividades conexas, complementarias ou subordinadas das anteriores. As actividades poderán ser desenvolvidas pola sociedade total ou parcialmente mediante a titularidade de accións ou participacións en sociedades con obxecto social idéntico ou análogo.

As desagregacións da cifra de negocios indícanse na nota 20 da Memoria consolidada.

O modelo de negocio céntrase na venda de libros de Fondo e Texto. Estas liñas de actividade complementáanse con outras actividades como papelería.

A evolución dos indicadores principais do negocio reflicte un crecemento, como ben se reflicte no informe de xestión consolidado do grupo.

1.2.2 OBXECTIVOS E ESTRATEXIAS

Os principais obxectivos nos que se concreta a estratexia no curto, medio e longo prazo, son os seguintes:

- Crecemento no negocio grazas á expansión nos mercados operados, sempre preservando a calidade do servizo. Obxectivos:
 - Manter a posición no mercado, expandíndose en novos segmentos de crecemento.
 - Continuar a transformación dixital.
 - Fortalecer unha oferta de calidade de produtos e servizos complementarios.

O cumprimento destes obxectivos estratéxicos permitirá seguir incrementando ingresos, mellorar marxes e, por tanto, incrementar a rendibilidade do negocio.

- Aceleración da transformación dixital no Grupo, reforzo do posicionamento e das marcas e mantemento das mesmas como referencia no sector. Obxectivos:
 - Proporcionar libros de fondo e texto achegando un maior valor engadido aos clientes.
 - Seguir reforzando o posicionamento, ampliando o seu impacto e alcance (global) para seguir incrementando cotas de mercado.
 - Fortalecer a estratexia comercial con diversificación de propostas comerciais e seguir impulsando as diferentes vías de monetización.

O cumprimento destes obxectivos estratéxicos permitirá seguir incrementando ingresos, mellorar marxes e, por tanto, incrementar a rendibilidade do negocio do Grupo, mentres a aceleración na transformación dixital contribuirá a reducir o impacto ambiental (redución de emisións de CO2, menor consumo de papel, tintas e demais materiais ligados ao papel).

- Mellora da estrutura de balance consolidado do Grupo. Obxectivos:
 - Unha vez terminada o investimento da ampliación da nave e a automatización asociada a ela, iniciárase unha progresiva redución da débeda da compañía.
 - Mellora da eficiencia e control de custos maximizando a xeración de caixa, grazas á optimización dos novos automatismos

Unha situación financeira sostible e un mellor perfil de xeración de caixa do Grupo facilitará, así mesmo, a asignación directa de cada vez máis recursos para a contribución aos OBXECTIVOS DE DESARROLO SOSTIBLE, como xa vén facendo a compañía durante os últimos anos.

O impulso aos OBXECTIVOS DE DESARROLO SOSTIBLE, é un obxectivo estratéxico do Grupo a través da xestión responsable do medio ambiente, o compromiso coa sociedade e profesionais da compañía, e cun modelo de goberno transparente que garanta a xestión ética e responsable que preserve os dereitos humanos. Neste sentido, cabe mencionar algunhas iniciativas postas en marcha que permitiron:

- Un maior compromiso coa diversidade: a metade dos postos directivos son mulleres.
- Avance no compromiso co consumo de enerxía renovable e a eficiencia enerxética:
 - O grupo no seu intento de redución da dependencia enerxética, apostando por enerxías renovables tendo paneis fotovoltaicos para reducir a súa dependencia enerxética.
 - As principais instalacións de España operan, na súa maioría, con tecnoloxía de iluminación eficiente.

1.3 XESTIÓN DO RISCO

Sistemas de xestión de riscos e control interno

A Política de Control e Xestión de Riscos do Grupo, na que se identifican os principais riscos do Grupo que engloba en catro categorías: riscos relacionados coa situación financeira, riscos estratéxicos e operativos, riscos non financeiros e riscos reputacionais.

Esta política establece o marco de referencia para o control e a xestión dos riscos asociados á actividade do Grupo, co obxecto de controlar, mitigar e xestionar calquera ameaza para o cumprimento dos obxectivos definidos e facilitar a execución adecuada da folla de ruta estratéxico.

Así mesmo, o Grupo conta cun Modelo de Cumprimento Normativo, que se atopa na páxina web www.arnoia.com. Este estatuto está dirixido a apoiar os controis existentes (Canle ética, Código ético) e avanzar cara a maiores retos de compromiso e responsabilidade dos Órganos de Administración no desenvolvemento da totalidade das actividades empresariais, co fin de:

- Reforzar a xestión dos riscos de incumprimento.
- Impulsar a mellora na coordinación da prevención de condutas de incumprimento.
- Avanzar na calidade integral do servizo aos nosos clientes.

O Cumprimento Normativo está dirixido, en conclusión, cara a unha profundización nos principios de actuación e valores do Grupo Arnoia, mediante fórmulas de xestión derivadas do sistema de Cumprimento Normativo (formado polos integrantes do Comité de Comunicacions Corporativas).

A Función créase @teniendo en conta as liñas e guías derivadas do Marco Integrado de Control Interno definido polo “Committee of Sponsoring Organizations” (COSO); recomendacións da OCDE; o Código penal español; e a Circular 1/2016 da fiscalía xeral do Estado, sobre Responsabilidade Penal das Persoas Xurídicas.

No contexto dos modelos de cumprimento analízanse, entre outros, os riscos ambientais, de relacións laborais e de corrupción e suborno asociados ás distintas actividades e operativas de negocio. Para cada un destes riscos, o Grupo define, en función do seu impacto nos negocios, actividades de control que mitigan a exposición ao risco.

Riscos relevantes monitorizados

Os principais riscos do Grupo agrúpanse nas seguintes categorías:

- Riscos relacionados coa situación financeira. O detalle dos riscos relacionados coa situación financeira pódese atopar na nota 3 do Informe de Xestión Consolidado do Grupo.
- Riscos estratéxicos e operativos. O detalle dos riscos estratéxicos e operativos pódese atopar na nota 3 do Informe de Xestión Consolidado do Grupo.
- Riscos reputacionais. Identifícanse nesta categoría os riscos asociados a un potencial impacto negativo no Grupo e nos seus resultados, como consecuencia dun comportamento que non cumpra coas expectativas do mercado e dos distintos grupos de interese, incluíndo as condutas relacionadas coa corrupción.
- Riscos non financeiros. Estes quedan englobados dentro de catro grandes categorías aliñadas cos ámbitos que describe a Lei 11/2018 de información non financeira e diversidade.

Ao longo do presente informe, en cada capítulo, desenvólvese máis información acerca dos indicadores de seguimento e avaliación dos propios riscos. Na táboa final deste EINF vincúlase a información cos indicadores GRI Standards.

1.4 XESTIÓN RESPONSABLE DO MEDIO AMBIENTE

Compromiso coa protección do medio ambiente

Tal e como se establece no seu Código Ético, o Grupo ten un claro compromiso para aplicar criterios de sustentabilidade en todas as súas áreas de negocio, para o que procura unha xestión cada día máis eficiente dos recursos naturais e unha protección adecuada da contorna no que opera, de maneira que se minimicen os impactos ambientais negativos.

Así, o Grupo mantén un compromiso inherente coa protección do medio ambiente e a sensibilización e divulgación das boas prácticas ambientais na súa xestión diaria, aínda que é certo que o modelo de negocio e a súa actividade teñen un impacto ambiental reducido.

Arnoia reconece a Responsabilidade Social Empresarial como parte da súa estratexia de xestión, factor de competitividade e elemento fundamental da política de vinculación coa sociedade que mantivo desde as súas orixes. Ademais, asume o seu compromiso como entidade socialmente responsable procurando unha relación constante e fluída con todas as súas partes interesadas. Arnoia está comprometida na mellora continua da súa xestión, desenvolvendo un negocio sostible. Por todo iso, os empregados e directivos deberán:

- Coñecer e aplicar as políticas de responsabilidade social e sustentabilidade que emanen da Dirección de Arnoia.

- Desenvolver a súa actividade laboral tentando minimizar os impactos ambientais que puidesen xerarse. Para iso, colaborarán nos procesos de redución de residuos, así como na minimización do gasto enerxético e consumos de combustibles, auga e materiais.

Durante o ano 2024 o Grupo foi materializando con accións concretas o seu compromiso en materia ambiental:

- Diminución do gasto enerxético a pesar do aumento do uso dos automatismos polo uso de enerxías renovables e o axuste en termóstatos da calefacción e do aire acondicionado .
- Tecnoloxía de iluminación eficiente nas principais instalacións..

Sensibilización e impacto positivo

Finalmente, máis aló da xestión responsable das operacións, recursos naturais e consumos derivados da actividade diaria, o Grupo está convencido de que o maior impacto positivo que pode xerar é a través da sensibilización e educación cidadá.

Medidas de prevención

Ademais de divulgar a Política Ambiental e a sensibilización ambiental a nivel interno e externo, o Grupo considera o principio de precaución. Por iso, ademais da súa política na materia, o Grupo conta con garantías no seu programa de seguros para dar cobertura a potenciais impactos contaminantes accidentais e repentinos que puidesen xerar as operacións.

1.4.1 XESTIÓN DE RESIDUOS E ECONOMÍA CIRCULAR

O fomento da economía circular e a adecuada xestión de residuos é moi importante para lograr os obxectivos ambientais do Grupo. Por iso, constantemente promóvense medidas de prevención, reciclaxe e outras formas de recuperación e eliminación de residuos.

O Grupo fomenta medidas operativas e de sensibilización dirixidas ao persoal, para reducir a xeración de residuos e seguir incorporando melloras na súa segregación, para así asegurar a súa correcta valorización. As accións realizadas en 2024 neste sentido son as seguintes:

Xestión adecuada dos residuos Xerados

Xestionáronse e posteriormente destruídos residuos con provedores homologados, en particular documentación confidencial e residuos selectivos.

Reciclaxe de papel e cartón

O Grupo fomenta accións de reciclaxe, principalmente de papel e cartón, pois son as materias primas máis consumidas debido ao tipo de negocio e actividade realizada.

En España, o Grupo estableceu un convenio para a recollida de residuos de papel e cartón na sede.

1.4.2 USO RESPONSABLE DOS RECURSOS

O Grupo é consciente da relevancia que ten facer un uso consciente e, polo tanto, responsable dos recursos naturais e materiais que se consomen pola súa actividade, para asegurar a sustentabilidade ambiental da contorna. Así, o Grupo céntrase en reducir os consumos o máximo posible e promover accións que fomenten o desenvolvemento sostible.

Consumo de materias primas

A actividade principal do grupo é a de distribución, o que supón que o consumo de materias primas é moi reducido, a pesar do cal, tense o principio de consumo responsable.

Por outra banda, fomentáronse proxectos de impresión responsable nas oficinas, para reducir progresivamente o consumo de papel e tóner, promovendo o envío das facturas aos clientes electrónicamente e solicitando o envío das facturas dos provedores para que se envíen electrónicamente.

Consumo de auga

O consumo de auga maioritariamente é para o seu uso diario en oficina, así como os procesos de limpeza das súas instalacións. Esta é obtida a través da rede pública municipal correspondente. En ningún caso dispónse de puntos de abastecemento propios. A sociedade reduciu nun 4% o consumo de auga durante o exercicio 2024 con respecto ao 2023.

Consumo enerxético

Ao ser a actividade principal de distribución, non se realiza un uso intensivo de consumo enerxético, a pesar do cal, o Grupo mantén diversas iniciativas para a redución do consumo de enerxía en 2024. O incremento de consumo de electricidade que supuxo a posta en marcha do almacén automatizado ao longo do segundo semestre de 2021 e 2023, conseguiuase absorber o incremento do consumo enerxético co investimento na planta de enerxía fotovoltaica. A sociedade reduciu nun 8% o consumo eléctrico con respecto o exercicio anterior.

O Grupo mantén o compromiso dun uso racional e eficiente da enerxía, impulsando medidas para mellorar a eficiencia de maneira continua, como:

- Tecnoloxía luminaria eficiente nas principais instalacións.
- Instalación de temporizadores en zonas de tránsito, cambio de luces convencionais a led.
- Campañas de sensibilización e uso eficiente da enerxía.
- Campaña de regulación de termóstatos para calefaccións e aire acondicionado, limitando as temperaturas, sempre cumprindo os parámetros establecidos na normativa de prevención de riscos laborais.

Consumo de combustibles

Respecto ao consumo de combustibles, en 2024 reduciuse un 5 %, e estase traballando constantemente para reducir o consumo de combustión fósil, coa compra de vehículos híbridos para substitución de vehículos Diésel.

1.4.3 CAMBIO CLIMÁTICO

O Grupo é consciente do gran reto que ten a humanidade e, en especial, o sector privado empresarial, na loita contra a emerxencia climática. Por iso, é parte fundamental da estratexia e obxectivos en materia ambiental do Grupo.

Así, con relación á minimización do impacto da actividade empresarial do Grupo, vinculado á emisión de gases de efecto invernadoiro, establecéronse as seguintes medidas:

- Fomento de accións para ser máis eficientes enerxéticamente e reducir o consumo de combustibles, a través das diversas medidas explicadas anteriormente (incluíndo o impulso das enerxías renovables).

- Promoción da mobilidade sostible, coa progresiva substitución da frota en España por vehículos con tecnoloxía híbrida, así como fomentando desprazamentos máis responsables.
- Dixitalización dos negocios do Grupo, aproveitando o impulso da transformación dixital e a innovación..

1.5 OUTROS ASPECTOS RELACIONADOS CO MEDIO AMBIENTE

Contaminación

Do mesmo xeito que en 2023, o uso de vehículos por parte do persoal do Grupo segue sendo o principal factor de impacto directo na contaminación atmosférica, aínda que é certo que a substitución paulatina da frota de vehículos por vehículos híbridos producirá unha redución da mesma.

Doutra banda, O Grupo mantén a promoción de iniciativas para reducir o impacto derivado dos desprazamentos.

Finalmente, polo tipo de negocio, instalacións, e a súa localización, a contaminación acústica e lumínica non son materiais para o Grupo.

Protección da biodiversidade

Polo tipo de negocio de Grupo, determinouse que a actividade do negocio na biodiversidade ten un baixo impacto, posto que a mesma desenvólvese en áreas urbanas ou polígonos industriais onde hai un baixo risco de afectación á diversidade biolóxica.

1.6 INFORMACIÓN SOBRE CUESTIONS SOCIAIS RELATIVAS AO PERSOAL

1.6.1 EMPLEO

Con base no aumento do persoal da sociedade o Grupo adecuará a esta nova realidade tanto os procesos como as políticas de talento e cultura.

O número de persoas traballadoras do Grupo a final de exercicio por tipo de contrato, distribuído por xénero é o seguinte:

O termino do exercicio 2024	Mulleres	Homes	Total
Número de empregados con contrato indefinido	202,00	137,00	339,00
Número de empregados con contrato de duración determinada	16,00	3,00	19,00
TOTAL	218,00	140,00	358,00

O número medio de persoas empregadas no curso do exercicio do Grupo, expresado por categorías é o seguinte:

Número medio de persoas empregadas no curso do exercicio, por categorías	2.024	2.023
Conselleiros (1)	1,00	1,00
Altos directivos (non conselleiros)	3,00	3,00
Resto de personal directivo	5,67	5,50
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais de apoio	14,17	16,14
Empregados de tipo administrativo	64,62	65,05
Comerciantes, vendedores e similares	54,33	47,75
Resto de personal cualificado (*)	202,91	206,40
Ocupacións elementais	4,00	4,58
<i>Total persoal medio</i>	<i>349,70</i>	<i>349,42</i>
<i>(*) Persoas incluídas con discapacidade maior ou igual ó 33%</i>	<i>8,69</i>	<i>9,04</i>

A retribución media equiparada por sexo, idade e categoría profesional de persoas traballadoras do Grupo é o seguintes:

Año 2024	<30	30-50	>50
Homes	20.335,60	28.171,81	33.132,30
Mujelleres	18.144,20	21.899,53	23.118,60
	19.118,79	23.467,60	25.622,03

Año 2024	Directores	Mandos intermedios	Resto Personal
Homes	57.352,05	38.519,73	19.358,63
Mujelleres	45.369,04	30.110,60	18.324,73
TOTAL	52.558,84	33.137,89	18.727,78

As incorporacións no ano 2024 foron as seguintes por sexo e por idade:

	Personas		
Mujeres			101
Hombres			53
			154

	Menos 30	30-50	Más 50
Mujeres	49	49	2
Hombres	25	26	3
Total	74	75	5

Os ceses no ano 2024 foron as seguintes por sexo e por idade:

	Personas		
Mujeres			97
Hombres			59
			156

	Menos 30	30-50	Más 50
Mujeres	43	49	5
Hombres	27	30	2
	70	79	7

Os permisos parentais no ano 2024 por sexo amósanse no seguinte cadro:

	Personas
Mujeres	10
Hombres	7
	17

Ó 100% reincorporáronse o seu posto de traballo e segue na empresa.

O total de horas traballadas por empresa foron as seguintes:

Sociedad	Horas
ARNOIA	465.469
ESPACIO	111.601
CUMIO	1.591
INTERLEO	17.224
SERVIAULA	10.242
ADL	10.597
	616.724

O grupo ten unha política de igualdade, e as instalacións están adaptadas para o acceso ao traballo de forma igualitaria, tendo entre outras cousas, nas súas instalacións ascensores e montacargas para facilitar o devandito acceso.

O número medio de persoas con discapacidade do Grupo é o seguinte:

	2024	2023
Persoas empregadas con discapacidade maior o igual o 33% (o calificación equivalente local)	8,69	9,04

O número de persoas con discapacidade do Grupo o final do exercicio por categoría profesional é o seguinte:

Año 2024	Directores	Mandos intermedios	Resto Personal
Homes			6
Mujelleres			3
TOTAL	0	0	9

1.6.2 ORGANIZACIÓN DO TRABALLO

En España, o persoal conta con beneficios sociais, seguro de vida e accidentes, cobertura por incapacidade ou invalidez e complementos por maternidade ou paternidade. En termos xerais, as empresas do Grupo en España non distinguen entre xornada completa ou parcial ou entre contrato fixo ou temporal para acceder aos beneficios sociais.

A práctica totalidade dos convenios colectivos de aplicación das distintas sociedades en España recolle xornadas que se sitúan por baixo da xornada máxima legal (40 horas en cómputo semanal). Doutra banda, en caso de realización de horas extraordinarias con carácter excepcional, estas son compensadas ou pagas segundo o establecido nos convenios das empresas que realizan a súa actividade en España.

No Grupo non hai litixios en materia de conciliación e organización do traballo, non tendo conflitividade nesta materia.

1.6.3 SAUDE E SEGURIDADE

Fomentar a cultura preventiva entre todas as empresas que conforman o Grupo segue sendo un obxectivo principal. Destaca o compromiso de integrar a prevención de riscos e saúde laboral no sistema xeral de xestión das empresas.

O Grupo ten un responsable de Prevención de Riscos Laborais en España encadrado na área de Recursos Humanos e realiza de forma continuada nas empresas do Grupo a identificación de factores de risco psicosocial que poidan supoñer un risco para a saúde do persoal.

Así mesmo, o Grupo centrou gran parte dos seus esforzos en continuar coa prevención da saúde, establecendo políticas de seguridade e de illamento nos postos de traballo, cuestionarios de control e test ás persoas traballadoras, seguimento dos afectados, etc. e optimizando procesos a través de ferramentas dixitais.

Durante o ano 2023 rexistráronse 20 accidentes de traballo, (13 con baixa e 7 sen baixa en todo o Grupo (11 homes, 9 mulleres). Non producíndose ningún accidente grave, todos leves.

Durante o ano 2024 rexistráronse . 20 accidentes de traballo, (10 con baixa e 10 sen baixa en todo o Grupo (11 homes, 9 mulleres). Non producíndose ningún accidente grave, todos leves.

Tipo de ocorrencia	Número
Fallecimientos por accidente laboral	0
Lesiones por accidente con grandes consecuencias	0
Accidentes laborables registrados	20

No ámbito da accesibilidade aos centros de traballo, o Grupo ten adecuadas as súas instalacións segundo a normativa aplicable en cada país. Non houbo ningún litixio en materia de accesibilidade ou mecanismos de queixa por carencia destes nas sedes de traballo.

1.6.4 RELACIONS SOCIAIS

Os convenios colectivos en vigor supoñen melloras sobre as condicións de traballo e emprego, en relación cos mínimos de dereito necesarios de cada lexislación. Con carácter xeral os procedementos de información, representación e consulta cos traballadores recóllense e regulan nos diferentes convenios colectivos e articúlanse a través dos órganos de representación laboral regulados nos mesmos.

O 100 % dos traballadores en España están cuberto por convenio colectivo.

En todas as empresas existe liberdade sindical, e foméntase o diálogo social necesario para o desenvolvemento do negocio cumpríndose coa normativa laboral aplicable.

1.6.5 FORMACIÓN

O persoal realizou formación tanto en liña como presencial de diversos cursos de ciberseguridade, prevención de riscos laborais etc. Ademais da formación interna, realizáronse formacións externas en 2023 de 928 horas 2024 de 2152 horas.

A desagregación das horas de formación do 2024 por xénero e categoría profesional e o seguinte

	Directivos	Intermedios	Resto personal	Totales
Mujeres	44	50	674	768
Hombres	22	624	738	1384
	66	674	1412	2152

1.6.6 IGUALDADE

A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é un dos obxectivos fundamentais da Estratexia de Sustentabilidade do Grupo. Por iso, o Grupo está a traballar en desenvolver e implementar os mecanismos acordados na materia e alcanzar os obxectivos nos próximos exercicios.

Doutra banda, dentro dos convenios colectivos aplicables ás distintas empresas en España, recóllense apartados específicos sobre a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres, protocolos de actuación en caso de acoso e outras medidas que fomentan a igualdade en todos os ámbitos.

A empresa matriz e Espazo do lector SL teñen Plan de Igualdade, así mesmo, en materia de acoso, ten un procedemento de comunicación e actuación de danos psicosociais aplicable ás persoas traballadoras.

1.6.7 COMPOSICIÓN DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

O sistema de administración nas empresas do Grupo é o de Administrador Único.

1.7 RESPECTO DOS DEREITOS HUMANOS E LOITA CONTRA A CORRUPCIÓN E O SUBORNO

1.7.1 CUMPRIMENTO: CÓDIGO ÉTICO, UNIDADE DE CUMPRIMENTO, CANLE DE DENUNCIAS

O Grupo está comprometido co cumprimento rigoroso de toda a normativa que lle aplica e cos principios e normas de conduta que se inclúen no seu Código Ético, que é o pilar sobre o que se constrúe todo o seu modelo de cumprimento.

Así mesmo, Grupo dispón dunha canle de denuncias, que se atopa accesible na páxina web corporativa (www.arnoia.com) a terceiros, na intranet das persoas traballadoras e a través dun apartado de correos, polo que calquera persoa, de forma anónima e confidencial, pode informar de calquera irregularidade ou incumprimento tanto de normativa externa como interna.

Con respecto á resolución de consultas relacionadas co Código Ético e outros asuntos en materia de normativa interna, ética e cumprimento, as persoas traballadoras do Grupo tamén dispoñen dunha caixa de correos de cumprimento (canaletico@arnoia.gal).

Nos exercicios 2023 e 2024 non se recibiron denuncias.

1.7.2 RESPECTO AOS DEREITOS HUMANOS

O Grupo manifesta un firme compromiso co respecto dos dereitos humanos e as liberdades individuais. Como mostra diso, o Grupo, comprometeuse con, a loita contra a corrupción, os dereitos laborais e o coidado do medio ambiente.

Así mesmo, o Grupo vela e promove o comportamento ético dos seus profesionais, e realiza o seguimento, difusión e formación do Código Ético.

Como indicador de seguimento no ámbito do respecto aos dereitos humanos, tómasse como referencia o número de denuncias recibidas e fundamentadas. Non houbo denuncias recibidas no exercicio 2023 e 2024.

As relacións cos provedores desenvolveranse nun marco de colaboración transparente que permita e facilite a consecución dos obxectivos mutuos, sempre dentro do cumprimento da legalidade vixente. O grupo promove en todos os seus socios comerciais, provedores e operadores a asunción e o cumprimento dos principios éticos e de actuación responsable recollidos no presente Código.

1.7.3 LOITA CONTRA A CORRUPCIÓN E O SUBORNO

No Código Ético recóllense os principios básicos en materia de control interno e prevención da corrupción, regulándose aspectos como a transparencia, veracidade e fiabilidade da información e control de rexistros e medidas contra a corrupción, prevención do branqueo de capitais e irregularidades nos pagos.

